

## *Gondomar. Crónicas dun pobo*

---

CLARA MARÍA DE SAÁ QUINTAS

El era unha vez unha vila que estaba situada nun fermoso val rodeado de montañas e bañado polo Atlántico... Así podería empezar un conto calquera, situando unha acción.

Pois ben, imonos situar no Gondomar dos anos 60-70, nun escenario que ben podería ser o dunha película costumista dirixida por José Luís Cuerda ou Antonio Mercero, con guión e personaxes propios.

Entre protagonistas e secundarios atoparíamos:

Á profesora Rosina. Unha muller consagrada ós máis cativos, empeñada en ensinar a ler, a sumar e a rezar a varias xeracións de gondomareños.

A Santiago do Muíño. Un libre pensador e escritor satírico local.

A don Faustino. A elegancia personificada.

A don Luís, o médico. Igual curaba unha gripe que cosía unha brecha .

A Antonio de Louriana. Que nos achegou a idea adiantada do que era un 24 horas, onde podíamos atopar dende unha folla bacallau, penso para os porcos, optalidóns para a dor de cabeza ou preservativos. O que non atoparas na de Antonio era que aínda non estaba inventado.

Lito, o carteiro, ó que moita xente agardaba impaciente cada día na porta da oficina de correos para saber se tiña carta da América

A don Benito. Un cura dos de antes, con sotana e sombreiro, que paseaba nos arredores da igrexa, sempre cun libro na man.

E outros tantos como Manoliño de Vilaza, Frai Escoba, ou Ofelia. Todos formaban parte do *elenco de actores* que cada día actuaba nun escenario cando menos curioso.

Estes personaxes e algún máis desenvolvían cada día un argumento diferente no pasado recente de Gondomar.

.....

A finais da década dos 70 incorpóranse á vila outro grupo de personaxes. Estes eran mozos/as que falaban de cambios, de renovación e de cultura. Pretendían facer algo diferente, algo máis que ir as tardes de domingo á Ramallosa 2000 a botar uns bailes.

Estes rapaces fixeron algo descoñecido na vila naquel momento; foron os precursores en Gondomar de algo parecido ó movemento OKUPA.

No corazón da vila, onde agora está o centro de saúde, estaban as escolas vellas, unhas instalacións sen uso que levaban unha morea de anos pechadas. Pois ben, este grupo de mozos e mozas decidiron ocupalo e montar alí a sede dunha Asociación Xuvenil.

Era moi curioso que un lugar como as antigas Escolas Nacionais servisen agora para albergar mozos e mozas con ideas de renovación política, social e cultural.

A tarefa non lles foi doada; tiveron que enfrontarse a moitas dificultades, institucionais e mesmo veciñais, pero ó final sempre puideron máis as motivacións que tódolos condicionantes. Aqueles rapaces, que vestían pantalóns de campá e camisetas cinguidas e pelo algo longo, arranxaron un local abandonado e convertérono na sede da Asociación Xuvenil.

Organizábanse reunións, charlas, exposicións de pintura, das que se encargaba Chuvias, que era o experto na materia, ou concertos como os de de Bibiano ou Benedicto no antigo cine de Gondomar.

Ademais de todas estas e outras actividades, na Asociación vía a luz unha publicación preocupada especialmente por todo o que pasaba na vila nese momento. Chamábase VOCEIRO.

O equipo de redacción contaba cunha Olivetti Lettera 25 que ía de man en man. Con ela escribíanse artigos cargados de reivindicacións sociais, políticas e culturais, mentres no tocadiscos soaba unha de Paco Ibáñez.

Aquela publicación en branco e negro feita en multicopista, con deseño gráfico de Chuvias ou Caeiro, representaba un medio de expresión totalmente libre que se distribuía a cambio da vontade.

Detrás do Voceiro estaba unha xeración de mozos que reclamaban ser participantes activos dos cambios dunha nova sociedade que botaba a andar.

Realmente aquela Asociación Xuvenil e o seu medio de comunicación representaron para o pobo de Gondomar o inicio dun camiño no que se derrubaron muros e se afastaron as pedras máis pesadas.

E colorín colorete, pola cheminea arribaba foi un foguete.



Portada do Voceiro nº 1 (1977)

De esquerda a dereita, en primeira liña: Antonio Caeiro, Clara de Saá, Loli Crespo, Chuvias, Isabel e Telmo. Detrás: Manuel, Ana, Espe, Antonio Araújo, Mari, Pepe, Maria, María José, Manolo Penedo, Isabel e Mari. Faltan na foto: Alfonso Lis (Fiuza), Celso Castuera, Carlos Cavaco, Enrique Crespo, Chamadoira, Veli, Antonio e Jorge Peixoto. (Foto: Chuvias).



## FLASH BACK

A vella estación do tranvía , o café de Lis, o cine Rialto, a alameda, o adro da igrexa.

O arrecendo a roscas de Copena mesturado coa cera das candeas na procesión de Xoves Santo.

As alfombras de flores no Corpus.

As festas de San Benitiño, as rosquillas de Cristaleiro, e as poxas de San Antonio.

Os veráns en Praia América e os madrileños na casa da miña tía Angelina.

Xogar ás cartas baixo a nogueira cos meus curmáns.

O San Roque de Morgadáns e a Parranda de San Pedro que nunca faltaba.

O San Miguel de Peititeiros que pechaba o calendario das festas.

O cheiro dos libros novos na volta á escola.

A vendima, as xeadas en decembro.

O fume das cociñas de leña nas chemineas.

A xente mercando na tenda de Antonio todo o necesario para a matanza.

As vacacións de Nadal e os xogos no faiado.

As inundacións na escola.

O arrecendo a mimosas. Outra vez a primavera. E volta a empezar...

